

Guía rápida de Mergullador

¿Dende onde podo acceder?

Pódese acceder a *Mergullador* dende a intranet ou a través de internet.

Se está no portal de Biblosaúde, atopará *Mergullador* na páxina principal, no apartado Servizos...



picando na imaxe de *Mergullador*,...



ou directamente dende a dirección:

<http://mergullador.sergas.es>

mergullador

<http://mergullador.sergas.es>

¿Que é Mergullador?


Mergullador é a plataforma de acceso aos recursos electrónicos da Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, Bibliosaúde.



Localizador de artigos: permite localizar o texto completo dun artigo de revista a partir dunha cita bibliográfica. É dicir, non é unha ferramenta para buscar artigos sobre un tema, senón que lle permitirá enlazar cun artigo previamente identificado. Para o seu correcto funcionamento recoméndase cubrir a maior cantidade de datos que sexa posible e así localizará o artigo dunha forma máis exacta. Se coñece o PMID (PubMed Identifier) a localización será máis precisa.



Busca por categorías: É un tipo de busca rápida, difire da metabusca en que os recursos principais de cada grupo ou categoría (buscables ou metabuscables, ata 10 por cada grupo) están preseleccionados pola biblioteca. Os demais recursos, os enlazables, non se inclúen neste apartado, e poderá localizalos en *busca recursos electrónicos*.



¿Que ofrece Mergullador?


Buscar recursos electrónicos: permite buscar, seleccionar e acceder a calquera dos recursos electrónicos (bases de datos, catálogos de biblioteca, portais temáticos e selección de recursos de Internet) subscritos ou seleccionados pola Biblioteca como fontes de información de calidade. Pode buscalos por materia, por título, por provedor, etc.



Metabusca: permite buscar en varios recursos de información (bases de datos, catálogos de biblioteca, portais de revistas electrónicas, libros electrónicos, portais temáticos e buscadores web) de xeito simultáneo, ver os resultados de modo unificado e enlazar ao texto completo se está dispoñible. Permite seleccionar un grupo de recursos, e mesmo seleccionar en que recursos dese grupo quere buscar. Se os recursos non permiten ser seleccionados cun tick (✓) é porque son enlazables (non compatibles co modo de busca do metabuscador) e terá que picar sobre o nome para ir á pantalla propia do recurso e buscar nela. Recorde que para poder acceder a todos os recursos deberá estar rexistrado, pois senón figurará como invitado e os recursos subscritos aparecerán precedidos por un cadeado, e non poderá seleccionalos.



O meu espazo: permite unha serie de posibilidades de personalización para usuarios rexistrados: crear listas das súas bases de datos ou recursos electrónicos favoritos para buscar neles; gardar estratexias de busca para reutilizalas no futuro; crear alertas por e-mail a partir de buscas previamente realizadas; almacenar rexistros seleccionados ao revisar os resultados das buscas nun andel persoal, para poder envialos por e-mail ou exportar referencias a xestores de citas (EndNote, etc.) e ordenalos en carpetas, gardar unha lista das revistas favoritas, etc.



Buscador de revistas electrónicas: permite localizar revistas electrónicas polo seu título, ISSN, editor, materia.



¿Quen pode acceder?

Calquera persoa cun ordenador conectado a Internet.

Hai un acceso básico (invitado ou guest) para usuarios non rexistrados (aloeso ao Servizo Galego de Saúde ou á Consellería de Sanidade) e un acceso completo para usuarios rexistrados. O acceso dos usuarios rexistrados realízase mediante o Nome de usuario e Contraseñal (os mesmos que se utilizan para acceder a outros servizos do Sergas). Os usuarios non rexistrados só terán acceso aos recursos gratuítos.